

Anuncio

CONTRATACIÓN PARA CUBRIR EN PROPIEDAD DÚAS PRAZAS DE MAQUINISTA-CONDUTOR/A, GRUPO C - SUBGRUPO C2, DO CADRO DE PERSOAL LABORAL FIXO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, COTA XERAL, ACCESO LIBRE, POLO SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN, CORRESPONDENTES Á OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 (TAXA ADICIONAL DE ESTABILIZACIÓN Á QUE SE REFIRE O ARTIGO 2 DA LEI 20/2021, DO 28 DE DECEMBRO).

A Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión celebrada o día 08 de marzo de 2024 adoptou, entre outros, o seguinte acordo que se reproduce de xeito literal:

“As bases xerais que regulan (xunto coas bases específicas), os procesos excepcionais que se convoquen para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo na Deputación de Lugo, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – IB) Taxa adicional de Estabilización de emprego temporal Artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de Decembro, cota xeral ou cota de reserva a persoas con capacidades diferentes, sistema de concurso-oposición, acceso libre publicáronse no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

A convocatoria e bases específicas que rexen o proceso selectivo para cubrir, polo sistema de concurso-oposición, (2) prazas de Maquinista-Condutor/a, cota xeral, grupo C- SubgrupoC2, do cadro de persoal laboral fixo, correspondentes á Oferta de Emprego Público do ano 2022 -taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, fixéronse públicas no BOP núm. 224, do 29.09.2022.

Celebrado o procedemento selectivo, vista a proposta do Tribunal Cualificador e acreditado polas persoas aspirantes propostas a documentación á que se refire a base xeral 13, cumprindo os requisitos esixidos na base xeral 4 e na base específica 5, esta presidencia, atendendo a proposta do Tribunal Cualificador e de acordo co punto 14.1 das bases xerais, propón á Xunta de Goberno a resolución definitiva do procedemento selectivo contratando como persoal laboral fixo a:

Don Jesús Santaefemia de la Fuente, para ocupar a praza número 3161, denominada Maquinista-Condutor/a, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022- taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro-, adxudicándolle o posto de traballo denominado Maquinista-Condutor/a Entrada número 351, vinculado á citada praza.

Don Francisco Javier Doral Gómez, para ocupar a praza número 3336, denominada Maquinista-Condutor/a, grupo C- subgrupo C2, do cadro de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Lugo, correspondente á Oferta de Emprego Público do ano 2022 -taxa adicional de estabilización á que se refire o artigo 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro-, adxudicándolle o posto de traballo denominado Maquinista-Condutor/a Entrada número 1469, vinculado á citada praza.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Contra o presente acordo que pon fin á vía administrativa cabe interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Xunta de Goberno da Deputación Provincial no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación do presente acordo no BOP ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na Lexislación reguladora de dita xurisdición, sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro que estime procedente.

Lugo, 11 de marzo de 2024.- O SECRETARIO XERAL, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0699

O presente documento estará
exposto no Taboero de
Anuncios desta Deputación
desde o día 18-03-2024
ata a día 01-04-2024
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA